

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ACADEMIA GALEGA DE BELAS ARTES PARA O PROXECTO “CASTELAO GRAFISTA”

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María Nava Castro Domínguez, en representación da **Axencia Turismo de Galicia**, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polo artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, e polo artigo 19 dos ditos estatutos.

Doutra, D. Manuel Quintana Martelo, DNI 33170834G, en representación da **Real Academia Galega de Belas Artes**, con domicilio na praza do pintor Sotomayor 1, 15001 A Coruña, na súa calidade de Presidente, en virtude das competencias que lle outorgan os estatutos da institución, publicados no Diario Oficial de Galicia, o xoves 22 de marzo de 2018, artigo 22, páxinas 16744 e 16745.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é a entidade da Xunta de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión dos produtos turísticos da Comunidade galega.

A Axencia ten como obxectivos básicos, entre outros, a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da mellora de competitividade das empresas turísticas e a

valorización dos recursos turísticos, o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial e a promoción da imaxe marca-país de Galicia, desde unha óptica integral e marca-país.

O artigo 9 dos citados estatutos establece entre as funcións e competencias da Axencia Turismo de Galicia, o aproveitamento e potenciación dos recursos turísticos de Galicia mediante a promoción, publicidade, relacións públicas e outras accións de notoriedade, tanto no interior de Galicia como no resto de España e no exterior, sen prexuízo das competencias da Administración central do Estado, así como calquera outra actividade orientada a mellorar a posición do sector turístico de Galicia no marco español e internacional.

Segundo.- Que a Real Academia de Belas Artes é unha entidade de interese galego, de carácter cultural e sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins a salvagarda e promoción das artes e por conseguinte do patrimonio cultural galego, para o que organiza exposicións, cursos, talleres, conferencias para divulgar a nosa arte dentro e fora de Galicia.

O artigo 1 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 34/2018, do 1 de marzo, dispón que “a Real Academia Galega de Belas Artes é unha corporación oficial que, baixo o alto padroado de Súa Maxestade o Rei, ten como finalidade actuar como institución consultiva da Administración estatal e autonómica en todo o relativo á protección, acrecentamento e transmisión ás xeracións futuras dos bens culturais, segundo o previsto nos artigos 3.2 da Lei 16/1985, do patrimonio histórico español, e 7.3 a) da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, así como promover e realizar estudos de investigación para o fomento e desenvolvemento das manifestacións artísticas de Galicia, dentro e fóra dela”.

A Academia, para o cumprimento deses fins, propónse fomentar a investigación e a práctica das artes de Galicia; realizar e publicar investigacións arredor da arte de Galicia, dentro e fóra dela, así como catálogos, biografías, dicionarios e calquera outra clase de medios de estudo e difusión que poidan contribuír a enaltecer a riqueza artística de Galicia; velar pola conservación, valoración e difusión da riqueza monumental e artística de Galicia en canto estea ao seu alcance e na forma que requira cada caso; promover exposicións públicas, convocar concursos, organizar conferencias, cursos, concertos musicais e calquera outra manifestación artística.

Terceiro.- Que entre as fórmulas para defender e divulgar o máis destacado da arte galega, a Real Academia Galega de Belas Artes instituíu o Día das Artes Galegas, polo que se lembra, homenaxe, estuda e difunde a obra dun creador, nunha selección marcada pola excelencia. Os tres primeiros elixidos son: o Mestre Mateo, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Maruja Mallo.

A Real Academia Galega de Belas Artes preocúpase por organizar exposicións que sirvan para difundir a obra destes creadores, destinadas aos mellores espazos expositivos de fóra de Galicia, para que se recoñeza e valore a súa obra. As exposicións sempre están pensadas en función do espazo no que se van a mostrar.

No caso de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Castelao, dada a súa especial condición de pintor, debuxante, escritor, político, deseñouse unha acción que leve a súa obra a todos os continentes, de maneira real, e que permaneza neles, de modo que quen queira achegarse e coñecer mellor o seu pensamento, o poida facer dun modo sinxelo. Por iso idéase **Castelao grafista (facsimile)**, unha proposta que reúne, nunha caixa, unha selección moi ampla das múltiples facetas desenvolvidas por Castelao: textos, ilustracións, deseños, fotografías, publicacións... O proxecto consiste na produción e reunión dun material moi seleccionado cuxo destino será as bibliotecas dos centros do Instituto Cervantes por todo o mundo. O formato do proxecto permite organizar unha exposición co material de cada envío, de maneira que se poden celebrar exposicións e actos de forma coincidente en múltiples cidades e países. A selección de contidos está marcada pola excelencia, de modo que o pensamento de Castelao ten un perfecto reflexo.

Ademais, o contido de cada envío quedará como propiedade de cada centro do Instituto Cervantes, como fondo de consulta na súa biblioteca ou centro de documentación, o que multiplica as posibilidades e a acción divulgativa no tempo. A colaboración e implicación do Instituto Cervantes e do Ministerio de Asuntos Exteriores, a través da Dirección de Relacións Culturais e Científicas, garante que, por primeira vez, se realice unha difusión da obra e pensamento de Castelao por todo o mundo, incluíndo países dos 5 continentes.

Ao Instituto Cervantes entregaránselle 100 cartafolios do proxecto, co seu compromiso de depositalas en cada unha das súas 90 sedes repartidas polos 5 continentes. A dirección do Instituto Cervantes promoverá a realización de exposicións e actos sobre Castelao e a cultura galega, utilizando o material adxunto. O Ministerio de Asuntos Exteriores, a través da Dirección de Relacións Culturais e Científicas, promoverá a realización de exposicións nas cidades e países nos que non ten sede o Instituto Cervantes e que son esenciais no recoñecemento do pensamento e a obra de Castelao, caso de Buenos Aires, A Habana, México, Lima...

Así mesmo, en 2018 na sede da Fundación Gonzalo Torrente Ballester realizarase unha exposición cos facsímiles.

Cuarto.- Que o Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020, na liña estratéxica 9, Comercialización, inclúe como obxectivo estratéxico 9.3, a diferenciación baseada nos recursos endóxenos, e como

acción 9.3.2, o turismo cultural, na súa descrición establécese que da man da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, fomentárase o turismo cultural en todas as súas vertentes.

O presente proxecto supón a repercusión nacional e internacional da cultura galega, realizándose por primeira vez unha difusión da obra e pensamento de Castelao por todo o mundo, incluíndo países dos 5 continentes, de xeito que se dea a coñecer a nosa Comunidade Autónoma internacionalmente, co retorno turístico que estas accións poden supoñer.

Por outra banda, a exposición que terá lugar na sede de Santiago cos facsímiles, supón o enriquecemento dos recursos turísticos-culturais da cidade e da Comunidade Autónoma.

A Axencia Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada en apoiar a divulgación e promoción do citado proxecto, por tratarse dun evento relevante que contribúe á consolidación da imaxe de Galicia, a través da súa cultura, tanto nacional como internacionalmente. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser a Academia Galega de Belas Artes a única entidade organizadora do proxecto.

En consecuencia, as partes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto deste convenio é regular as bases de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Academia Galega de Belas Artes para a realización do proxecto *Castelao grafista*.

O citado proxecto implica a produción e reunión de material con destino ás bibliotecas dos centros do Instituto Cervantes de todo o mundo, así como nos espazos dependentes da Dirección de Relacións Culturais e Científicas, do Ministerio de Asuntos Exteriores, para a realización de exposicións. Cada envío inclúe:

- 1 folleto explicativo do proxecto, bilingüe español-galego, que inclúe os textos institucionais correspondentes

- 1 exemplar do catálogo da exposición Castelao grafista, de 304 páxinas e formato horizontal de 24 x 30, con ampla e excelente documentación teórica e gráfica, en edición española
- 1 exemplar dos 6 volumes das obras completas de Castelao, editados por Galaxia, en galego
- 1 exemplar da edición facsímil de Álbum Nós, editada por Galaxia, en galego
- 1 carpeta con 100 coidados facsímiles de obras reunidas na exposición Castelao grafista, pertencentes ao apartado Cousas da vida
- 1 carpeta con 25 facsímiles de fotografías, deseños, debuxos e autocaricaturas de Castelao
- DVD con vinilos, textos e material didáctico para preparar exposición e actividades

Ao Instituto Cervantes entregaránselle 100 carpetas do proxecto, para depositalas en cada unha das súas 90 sedes repartidas polos 5 continentes.

Ao Ministerio de Asuntos Exteriores, a través da Dirección de Relacións Culturais e Científicas, entregaránselle entre 25 e 35 carpetas (segundo o Ministerio solicite) que se enviarán aos seus centros correspondentes, nas cidades e países nos que non ten sede o Instituto Cervantes.

Así mesmo, en 2018 na sede da Fundación Gonzalo Torrente Ballester realizarase unha exposición cos facsímiles.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para as actuacións obxecto deste convenio ascende a **108.510€** (IVE incluído) que se distribúen do seguinte xeito:

Exposición Castelao grafista no Instituto Cervantes e Ministerio Asuntos Exteriores:

Concepto e xestión exposición	
Concepto e xestión	3.000
Comisariado	6.000
Deseño de elementos produción, impresión e edición	2.500
Coordinación	2.000
Trasporte e seguros	
Transporte e seguros	1.200
Produción material exposición (150 exemplares)	
Catálogo exposición (deseño, textos, impresión)	9.000
150 exemplares Castelao grafista	4.500
150 exemplares Castelao. Obra completa, 6 vol.	25.335
150 exemplares Castelao. Álbum Nós, facsímil	4.000

150 exemplares de 100 facsímiles de Cousas da vida (inclúe escaneado, limpeza, edición, impresión)	27.000
150 exemplares de 25 facsímiles de fotografías, deseños e debuxos de Castelao	7.000
Contenedor xeral, carpetas facsímiles	2.000
Material exposición para vinilos, en DVD	2.500
TOTAL ORZAMENTO	95.535€

Exposición Fundación Gonzalo Torrente Ballester:

Xestión exposición	
Concepto e xestión	1.000
Coordinación	1.000
Trasporte e seguros	
Transporte e seguros (España)	600
Montaxe exposición	
Enmarcado facsímiles	4.675
Pintura sala, gráfica, montaxe	3.200
Folleto (8 páx., 5.000 exemplares)	2.500
TOTAL ORZAMENTO	12.975

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará as actividades relacionadas no cadro anterior na contía máxima de 108.510€ con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.1, proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2018.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor da Academia, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención. A contía máxima do pagamento virá representada pola contía efectivamente xustificada, sen que en ningún caso poida superarse o límite máximo establecido nesta cláusula.

Terceira.- Gastos subvencionables

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2018. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Así mesmo, o IVE é gasto subvencionable de conformidade co disposto no artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sempre que non sexa susceptible de recuperación ou compensación, extremo que se acreditará pola entidade beneficiaria.

Cuarta.- Compromiso das partes.

1. A Academia, como entidade beneficiaria da subvención da Axencia Turismo de Galicia, asume as seguintes obrigas:

- Levar a cabo as accións obxecto do convenio.
- Xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de Galicia e incluír a “Marca Turística de Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración. Así mesmo, incluírase o logo do Xacobeo 2021, unha vez se aprobe.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei. No caso de non atender o requirimento de información en prazo, procederase conforme ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.

Quinta.- Compatibilidade

A achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos, axudas ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

Sexta.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

Sétima .- Xustificación e pagamento

A xustificación da subvención da Axencia Turismo de Galicia efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 48 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterá a seguinte documentación:

- 1) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- 2) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas, que conterá:
 - a) Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pagamento, con indicación das desviacións, de terse producido estas.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior e a documentación acreditativa do pago.
 - c) Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).
 - d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 - e) Os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de subvencións de Galicia, deba solicitar o beneficiario.
 - f) No seu caso, a carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

3) Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso da subvención e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

A entidade beneficiaria ademais deberá presentar:

- Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias para obter a condición de beneficiario/a das subvencións reguladas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, recollidas no artigo 10 da Lei.
- Certificación acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a “Marca Turística de Galicia”, e unha vez aprobado do logotipo do Xacobeo 2021.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, comprobará a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención e, unha vez comprobado o cumprimento, expedirá certificado acreditativo da verificación realizada e tramitará o pagamento.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o **15 de decembro de 2018**.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio, e se compensen uns conceptos con outros, conforme ao previsto no artigo 74.2 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que finalmente o orzamento executado fose inferior ao orzamento estimado previsto na cláusula segunda deste convenio, e sempre que se acredita a realización das actuacións obxecto do convenio establecidas na cláusula primeira, realizarase o pagamento da subvención na contía xustificada.

Oitava.- Pagamentos anticipados e a conta da subvención da Axencia Turismo de Galicia

Poderanse realizar pagamentos anticipados da subvención que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas na anualidade 2018, conforme ao artigo 63 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os pagamentos anticipados serán de ata o 50% da subvención concedida, e sen que se supere o importe da anualidade orzamentaria.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do dito Regulamento que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas.

Para proceder ao seu pagamento, a entidade beneficiaria deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sétima respecto das actuacións executadas.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados.

Conforme ao artigo 65.4.c) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a Real Academia Galega de Belas Artes está exenta da constitución de garantías para os pagamentos a conta e anticipados.

Novena.- Reintegro da subvención

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a entidade beneficiaria deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

Décima.- Comisión de Seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución créase unha Comisión de Seguimento que estará integrada por un representante designado por cada unha das partes. Respecto da subvención concedida, a Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima primeira.- Modificación do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Respecto da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Décima segunda.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de todos os asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Décima terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; as Leis 39/2015 e 40/2015, do 1 de outubro, e pola demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán de coñecemento e competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativa.

Décimo cuarta.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

Décimo quinta.- Vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2018.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola Real Academia Galega de Belas
Artes

D^a María Nava Castro Domínguez

D. Manuel Quintana Martelo